Acta da sesión da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, do día 2 de xullo de 2024

[JCCP/MCVR]

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas,** o día **2 de xullo de 2024, ás 16:00 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Borja Verea Fraiz
(Presidente)
María Dolores Hermelo Piñeiro
(Vicepresidenta)
Julio Ernesto Abalde Alonso
(Secretario)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
Raquel Arias Rodríguez
Juan Manuel Casares Gándara
José Manuel Mato Díaz
Noelia Pérez López
Cristina Sanz Arias
Gonzalo Trenor López
Miguel Ángel Viso Diéguez

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Iria Carreira Pazos
José Manuel Golpe Acuña
José Daniel Pérez López
Noa Olalla Presas Bergantiños
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
María Elena Espinosa Mangana

Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo

Comparecente:
Conselleiro maior do Consello de Contas

Letrado:
Juan Carlos Caride Puente

.../...

PARLAMENTO DE GALICIA

O señor presidente abre a sesión e rógalle ao señor secretario que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución.

Logo da constatación deste, a Presidencia sinala que, logo de producida a vacante do cargo da vicepresidencia da Comisión, procede elixir unha nova vicepresidencia. Dado que esta elección non está na orde do día da sesión da Comisión prevista para hoxe, proponse, ao abeiro do disposto no artigo 73.2 do Regulamento da Cámara, a súa alteración coa inclusión dun punto preliminar consiste na elección da vicepresidencia da Comisión.

Posto que non hai oposición a esta proposta, apróbase por asentimento co que queda incluída na orde do día o seguinte punto:

Punto preliminar. Elección da Vicepresidencia
(12/CEEM-000025)

O señor presidente informa do procedemento a seguir para a elección da Vicepresidencia desta comisión: nas papeletas -xa distribuídas polos Servizos da Cámara- débese escribir un só nome; o chamamento efectuarase por orde alfabética e resultará elixido/a vicepresidente/a a persoa que obteña a maioría absoluta de votos (artigos 41, 36.1 e 91.1.2.ª do Regulamento do Parlamento de Galicia).

Por conseguinte, solicita do señor secretario da Comisión que inicie o chamamento das deputadas e deputados. Unha vez rematada a votación o resultado do escrutinio é o que se reflicte a seguir:

María Dolores Hermelo Piñeiro ..... 9 votos
En branco ..... 8 votos
Total de votos emitidos ..... 17 votos

En consecuencia, queda elixida **vicepresidenta** da Comisión **María Dolores Hermelo Piñeiro, do G.P. Popular de Galicia**, que se incorpora á Mesa da Comisión.

A continuación, pásase á tramitación do punto primeiro:

Punto 1. Comparecencia do conselleiro maior para presentar a Memoria de 2022 que contén os correspondentes informes de fiscalización do sector público de Galicia, incluído o de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2021.
56574 (11/MCON-000004)
Publicación da memoria anual, BOPG n.º 542, do 10.08.2023

PARLAMENTO DE GALICIA

O señor presidente logo de darlle a benvida ao señor conselleiro maior do Consello de Contas, Juan Carlos Aladro Fernández, concédelle a palabra por un tempo de entre 20 e 30 minutos.

O **señor conselleiro maior do Consello de Contas, Juan Carlos Aladro Fernández**, procede á presentación da Memoria de actividades de 2022, que contén os correspondentes informes de fiscalización do sector público de Galicia, incluído o de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2021.

Ao remate da anterior intervención, a Presidencia abre unha rolda de grupos parlamentarios na que interveñen as **señoras: Espinosa Mangana, María Elena (S) Presas Bergantiños, Noa Olalla (BNG), e Sanz Arias, Cristina (P**), as que, logo de darlle a benvida ao señor conselleiro e agradecerlle o traballo levado a cabo dende esa institución, expoñen diferentes cuestións e consideracións sobre a información recibida -*O señor Ojea Bouzo (M), renuncia a facer uso da súa rolda de intervención*-.

Pecha o debate deste punto o **señor conselleiro maior do Consello de Contas, Juan Carlos Aladro Fernández.**

Punto 2. Comparecencia do conselleiro maior do Consello de Contas para presentar o Plan de traballo de 2024
Publicación do programa anual de traballo, BOPG n.º 623, do 12.01.2024
Publicación do programa anual de traballo, BOPG n.º 11f2, do 15.04.2024
63790 (11/CPAT-000003)

O señor presidente concédelle de novo a palabra ao **señor conselleiro maior do Consello de Contas, Juan Carlos Aladro Fernández**, por un tempo aproximado de entre 20 e 30 minutos, quen procede a informar sobre o Plan de traballo de 2024.

A continuación ábrese a rolda de grupos parlamentarios, na que interveñen o **señor Ojea Bouzo, Armando (M) e as señoras: Espinosa Mangana, María Elena (S) Presas Bergantiños, Noa Olalla (BNG), e Sanz Arias, Cristina (P),** que expoñen diferentes cuestións e consideracións sobre a información recibida.

Pecha a comparecencia o **señor conselleiro maior do Consello de Contas, Juan Carlos Aladro Fernández**.

O señor presidente recorda aos grupos parlamentarios que, de acordo cos artigos 7 e 8 das Normas reguladoras das relacións entre o Consello de Contas e o Parlamento de Galicia, ábrese un prazo de tres días hábiles, que remata ás 18.30 do día 5 de xullo de 2024, para os efectos de que os grupos parlamentarios poidan formular:

a) Propostas de resolución aos informes de fiscalización.
b) Obxeccións á liquidación das contas do Consello de Contas de 2022.
c) Recomendacións á Memoria de 2022.

PARLAMENTO DE GALICIA

d) Recomendacións ao Plan de traballo do ano 2024.
e) Designación de ponentes para emitir informe en relación cos informes de fiscalización.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o señor presidente levanta a sesión.

Remata a sesión ás 18:25 horas.

(Achégaselle a esta acta como anexo a transcrición literal da sesión.)

Borja Verea Fraiz

Firmado digitalmente por Borja Verea Fraiz
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Borja Verea Fraiz, email=borja.verea.fraiz@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.09.10 08:37:05 +02'00'

V.º º Prace
Presidente da Comisión
Borja Verea Fraiz

Julio Abalde Alonso

Firmado digitalmente por Julio Abalde Alonso
Fecha: 2024.09.09 13:25:35 +02'00'

Julio Ernesto Abalde Alonso
Secretario da Comisión